

**Orde de novembro,..... , da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se modifica a Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, así como a Resolución conxunta do 8 de agosto de 2014, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, no relativo a flexibilidade horaria por motivos de conciliación familiar de acordo co establecido na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico da Galicia.**

A Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, adica o seu título II as políticas públicas para o impulso demográfico, núcleo central da lei. No capítulo terceiro aborda a conciliación da vida familiar, laboral e persoal que, baixo o principio da asunción equilibrada das responsabilidades domésticas e de coidados e a superación dos roles e estereotipos de xénero, pretende impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicións de igualdade.

Os artigos 51 a 54 da citada Lei 5/2021, do 2 de febreiro, regulan a conciliación no mesmo ámbito, establecendo que *"o sector público autonómico garantizará, no ámbito das súas competencias, que a maternidade e a paternidade e o coidado de persoas dependentes non sexan obstáculo para o desenvolvemento profesional en igualdade de condicións."* Así mesmo, a Administración autonómica promoverá a ampliación da posibilidade de acollerse á flexibilidade horaria a todo o persoal do sector público autonómico que se atope nalgunha das situacións previstas na propia lei: fillos ou fillas ou persoas acollidas menores idade ou fillos ou fillas maiores de idade con medidas de apoio para as persoas con discapacidade ao seu cargo; familiares que precisen asistencia ou persoas con discapacidade ao cargo ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade; e empregadas públicas vítimas de violencia de xénero

Así mesmo o artigo 106.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na redacción dada pola disposición derradeira sexta da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, establece o dereito dos funcionarios públicos á flexibilidade horaria da súa xornada de traballo por motivos de conciliación familiar, nos termos que regulamentariamente se determinen.

Por outra banda a Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, modifica o Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, co fin de introducir diversos dereitos laborais para vítimas de violencias sexuais na liña do previsto na normativa actual para as vítimas da violencia de xénero.

Por todo o exposto, en exercicio das competencias conferidas no artigo 14 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta consellería

## **DISPÓN:**

### **Artigo 1. Obxecto**

1.1. As disposicións contidas nesta orde serán de aplicación:

a) Ao persoal funcionario e estatutario que presta servizos na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Ao persoal que presta servizos nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas na alínea a) do artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

1.2. Ao persoal laboral ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e entidades incluídas no punto anterior rexerese pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, así como polas disposicións desta orde que pola súa natureza sexan de aplicación, en canto non resulten incompatibles coa referida normativa.

1.3. Queda excluído da aplicación desta orde:

- Persoal que presta servizos en centros docentes.
- Persoal ao servizo da Administración de xustiza.
- Persoal que preste servizos nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde de Galicia.

## **Artigo 2. Supostos de flexibilidade horaria por conciliación**

Poderán acollerse á flexibilidade horaria por conciliación de horas as persoas empregadas públicas que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Ter fillos ou fillas ou persoas acollidas menores de idade. No suposto que o cumprimento da maioría de idade se produza antes da finalización do curso escolar, a persoa interesada poderá solicitar a súa prórroga motivando a súa petición.

b) Ter fillos ou fillas maiores de idade con medidas de apoio para as persoas con discapacidade ao seu cargo.

c) Convivir con familiares que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten de asistencia ou acreditar mediante documento oficial expedido polos servizos sociais municipais que a persoa está ao seu cargo ou que é o seu coidador principal.

d) Ter ao seu cargo a persoas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade.

e) Empregadas públicas vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual.

f) Atoparse nun proceso de nulidade, separación ou divorcio, dende a interposición da demanda xudicial ou dende a solicitude de medidas provisionais previas ata transcorridos tres meses desde a citada demanda ou solicitude.

## **Artigo 3. Marco horario e horario diario de referencia**

Na flexibilidade por conciliación o marco horario no que a persoa empregada pública poderá desenvolver a súa xornada laboral será o seguinte:

a) Unidades que desenvolvan tarefas de carácter administrativo:

O marco horario estará comprendido entre as 7:30 e as 20:00 horas.

Dentro deste marco horario, a persoa interesada solicitará ante a unidade de xestión de persoal un horario diario de referencia, que será o que desenvolva con carácter xeral cada día. O persoal empregado público deberá cumprir a súa xornada laboral en cómputo mensual.

No suposto de que a solicitude do interesado non resulte compatible coas necesidades do servizo, antes de denegar a petición poderase realizar un trámite de modificación ou mellora voluntaria da solicitude, de conformidade co artigo 68.3 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A tal efecto, poráselle de manifesto as horas en que se require a súa presenza física, intentando na medida do posible compatibilizar as necesidades do servizo coa súa petición. No caso de que acepte a proposta realizada pola Administración, deixarase constancia por escrito e concederase a flexibilidade horaria nos termos acordados.

Para evitar alteracións na organización e planificación do traballo do órgano administrativo onde preste servizos a persoa interesada, o disfrute da flexibilidade horaria non poderá supoñer a súa ausencia durante unha xornada laboral completa.

b) Unidades que se desenvolvan tarefas de carácter asistencial, atención directa tanto ao público como aos usuarios que exixan a elaboración dun calendario de persoal para garantir o funcionamento do servizo:

Cada secretaría xeral/secretaría xeral técnica ou órgano competente en materia de persoal no caso das entidades instrumentais, poderán establecer un marco horario propio axustado ás peculiaridades do servizo.

c) Das concesión e denegacións darase conta as organizacións sindicais da mesa Xeral de empregados públicos.

#### **Artigo 4. Criterios de prioridade no suposto de menores de idade**

Tendo en conta os distintos graos de atención que se requiren con carácter xeral nas distintas etapas que abarca a minoría de idade, cando non se podan conceder todas as solicitudes presentadas ante un órgano ou centro dependente, por afectar ás necesidades do servizo, establécense os seguintes criterios de prioridade no acceso á flexibilidade horaria:

1º.- Ter fillos ou fillas que teña recoñecido algún grao de discapacidade.

2º.- Estar incurso en máis dun suposto para solicitar a flexibilidade por conciliación.

3º.- Ter unha redución da xornada laboral por razón de conciliación familiar.

4º.- Ter fillos ou fillas ou persoas acollidas con idades comprendidas entre os 0 e 13 anos.

5º.- Ter fillos ou fillas ou persoas acollidas con idades comprendidas entre os 14 e 17 anos.

#### **Artigo 5. Solicitude**

Na intranet da Xunta de Galicia, no Portal do persoal empregado público (PortaX) estará dispoñible o modelo de solicitude de flexibilidade horaria por conciliación.

No caso das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que non teñan acceso ao PortaX, empregárase o modelo que figura como Anexo I

Á solicitude xuntárase a documentación que acredite que a persoa interesada se atopa nalguna dos supostos previstos no artigo 2:

a) Fillos ou fillas ou persoas acollidas menores de idade:

1º O grao de parentesco e a relación familiar acreditarase co libro de familia ou documento que o substitúa, certificación do Rexistro Civil, ou ben coa inscrición en calquera rexistro público que acredite o feito causante.

2º Resolución administrativa ou xudicial de acollemento familiar.

b) Fillos ou fillas maiores de idade con medidas de apoio para as persoas con discapacidade:

1º O grao de parentesco e a relación familiar acreditarase co libro de familia ou documento que o substitúa, certificación do Rexistro Civil, ou ben coa inscrición en calquera rexistro público que acredite o feito causante.

2º Copia da sentenza das medidas.

c) Familiares que precisen asistencia:

1º O grao de parentesco e a relación familiar acreditarase co libro de familia ou documento que o substitúa, certificación do Rexistro Civil, ou ben coa inscrición en calquera rexistro público que acredite o feito causante.

2º Certificado municipal que acredite a convivencia ou documento expedido polos servizos sociais municipais que acredite que a persoa está ao seu cargo ou que é o seu cuidador principal.

3º Documento oficial que acredite a necesidade de asistencia do familiar: certificado médico, certificado expedido pola Consellería competente en materia de servizos sociais ou, no seu defecto, informe social dos servizos sociais comunitarios municipais.

d) Persoas con discapacidade:

1º O grao de parentesco e a relación familiar acreditarase co libro de familia ou documento que o substitúa, certificación do Rexistro Civil, ou ben coa inscrición en calquera rexistro público que acredite o feito causante.

2º Certificado de discapacidade emitido pola consellería competente en materia de discapacidade.

e) Mulleres vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual:

Calquera dos documentos referidos no artigo 5 da Lei 11/2017 de 27 de xullo galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, así como no artigo 37 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual ou na normativa que as substitúa.

De conformidade co establecido no artigo 37 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral

f) Procesos de nulidade, separación ou divorcio:

1º Certificado do Rexistro Civil acreditativo do matrimonio.

1º Copia da solicitude de medidas provisionais previas ou copia da demanda xudicial correspondente.

### **Artigo 6. Causas de cesamento da flexibilidade por conciliación familiar**

A autorización da flexibilidade horaria por conciliación familiar poderá quedar sen efecto mediante a correspondente resolución pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- a) Por pedimento da persoa empregada pública.
- b) Por finalización do prazo de autorización, se estaba suxeita a termo.
- c) Por necesidades de servizo debidamente acreditadas.
- d) Por desaparición as causas polas que se solicitou.

### **Artigo 7. Cambio de posto de traballo**

A persoa empregada pública manterá a flexibilidade horaria por conciliación familiar no suposto de cambio de posto de traballo, sempre que o permitan as necesidades do servizo. A tal efecto, o órgano competente en materia de persoal da consellería ou entidade a onde sexa destinada a persoa interesada deberá poñer en coñecemento do correspondente centro directivo o horario de referencia ao que está suxeita a autorización da flexibilidade para que valore a posibilidade continuar nas mesmas condicións ou ben, se existe algún inconveniente que dea lugar a súa revisión.

### **Disposición adicional. Adaptación da xornada de traballo por finalización de tratamentos médicos.**

De acordo co establecido no punto sexto do Acordo de concertación do emprego público de Galicia, publicado pola Orde do 15 de xaneiro de 2019, o persoal empregado público que se reincorpore ao servizo efectivo ao remate dun tratamento de quimioterapia, radioterapia ou outros tratamentos de especial gravidade e, para favorecer a plena recuperación funcional da persoa ou evitar situacións de especial dificultade ou penosidade no desenvolvemento do seu

traballo poderá reducir nos trinta días seguintes a súa xornada nunha porcentaxe do 50% da duración da xornada diaria, preferentemente na parte flexible da mesma, considerándose como tempo de traballo efectivo. Co obxectivo de favorecer a reincorporación nas mellores facultades posibles a previsión temporal establecida no punto anterior poderá ser ampliada outros trinta días se a situación o aconsella.

A solicitude irá acompañada da documentación que acredite a existencia desta situación, e administración deberá resolver nun prazo de tres (3) días, sen prexuízo de que para comprobar a procedencia desta redución, se poidan recabar os informes do Servizo de Prevención de Riscos Laborais ou de calquera outro órgano que se considere oportuno sobre o tratamento recibido.

**Disposición transitoria.** Flexibilidade por conciliación familiar autorizada ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2013.

As persoas empregadas públicas que a entrada en vigor desta orde teñan autorizada a flexibilidade horaria por fillos ou fillas ou persoas acollidas menores de 12 anos, poderán ampliar a flexibilidade ata a maioría de idade dos menores presentando unha nova solicitude adaptada aos requisitos contemplados nesta orde.

#### **Disposición derogatoria**

Queda sen efecto coa entrada en vigor desta orde , a Orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, así como a Resolución conxunta do 8 de agosto de 2014, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, no que contraveñan ao establecido nesta Orde.

#### **Disposición derradeira única.**

Esta orde entra en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.